



MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS PARA A UNIVERSALIZACIÓN DOS SERVIZOS FINANCEIROS.

A Xunta de Galicia ante a problemática producida pola peche de numerosas oficinas por mor da reestruturación do sector bancario e a desaparición das caixas de aforros, situación especialmente importante no medio rural, con poboación de idade avanzada e illada de núcleos urbanos, decidiu acometer unha serie de medidas para universalizar os servizos financeiros nos concellos galegos.

Para acadar este obxectivo a Xunta de Galicia asinou o 10 de decembro de 2020, un protocolo de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en virtude do cal a Xunta de Galicia manifestaba a súa intención de adoptar medidas para universalizar o acceso a servizos financeiros nos concellos galegos.

Os concellos interesados adheríronse ao protocolo. A súa adhesión implicaba o compromiso de adherirse a un convenio no que se establecen as obrigas dos concellos e da Xunta de Galicia.

Dacordo co modelo de convenio de universalización, a Xunta de Galicia comprometéase a aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria dunhas subvencións destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos financeiros básicos nos concellos galegos.

En consecuencia, aprobouse a Orde do 18 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos consistentes na instalación, mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos e a prestación dun servizo de asistencia e formación financeira en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (prioritariamente nos concellos sen entidade financeira no seu territorio), e a súa convocatoria para as anualidades 2021 a 2025 (código de procedemento FA500A), publicada no DOG número 117 de 22 de xuño de 2021.

No DOG 233 do 3 de decembro do 2021 publicouse a Resolución do 26 de novembro do 2021, pola que se concede con cargo á aplicación orzamentaria 23.03.712A.470.0 (proxecto 2021-00092) unha subvención á Abanca Corporación Bancaria, S.A. segundo a tipoloxía do convenio asinado e en vigor entre a entidade local e a Xunta de Galicia para a prestación de servizos bancarios.

No punto sétimo da Resolución do 26/11/2021 establécese que no seu anexo se enumeran os concellos que tiñan asinado coa Administración autonómica o



correspondente convenio de colaboración, en total 38 concellos, que foron obxecto de inscrición no Rexistro Público de convenios en dito ano.

O artigo 20.4 da orde do 18 de xuño do 2021, reguladora da subvención establece que a resolución de concesión conterá unha referencia aos concellos que, con carácter previo, asinaran coa Xunta de Galicia o correspondente convenio de colaboración para a universalización de servizos financeiros. Así mesmo, con carácter anual, e en calquera caso antes do 30 de xuño de cada exercicio, a Dirección xeral de Política Financeira e Tesouro comunicará á entidade beneficiaria a relación de concellos que dende a data da última comunicación formalizaran o correspondente convenio de colaboración para a universalización de servizos financeiros.

Deste modo por acordo do consello da Xunta do 19 de xaneiro de 2023 estableceuse a apertura dun novo prazo de adhesión para a universalización dos servizos financeiros nos concellos galegos.

Neste novo prazo, adheríronse ao protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP cinco concellos: Beade, Punxín, Ribas de Sil, Toén e Castrelo do Val.

Os convenios con Punxín e Toén foron asinados o 13 de marzo de 2023. Os convenios con Beade, Ribas de Sil e Castrelo do Val asináronse o 14 de marzo de 2023.

Con relación a estes convenios, o director xeral de Política Financeira e Tesouro DECLARA:

- O obxecto destes convenios é establecer as actividades específicas e compromisos das partes para universalizar o acceso aos servizos financeiros aos habitantes destes concellos galegos.

- Segundo o modelo de convenio asinado, as principais obrigas das partes son as seguintes:

Obrigas da Xunta de Galicia

A obriga da Xunta de Galicia foi aprobar por medio da orde do 18 de xuño de 2021 as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a incentivar e fomentar a prestación de servizos bancarios básicos.

A entidade beneficiaria da subvención é a encargada de cumprir os compromisos establecidos de instalación, posta en funcionamento e mantemento dun caixeiro automático nas dependencias municipais.

Así mesmo nos convenios cos concellos de Punxín, Ribas de Sil e Toén terá que prestar en dependencias municipais un servizo de asistencia financeira e un servizo de formación financeira e banca electrónica.



Obrigas do concello

Ceder un espazo público idóneo no que instalar o caixeiro automático

Os concellos de Punxín, Ribas de Sil e Toén obríganse ademais a por a disposición da entidade beneficiaria da subvención un local habilitado e con capacidade suficiente para prestar o servizo de asesoramento financeiro e de formación financeira e banca electrónica.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional ten como base o artigo 100 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e o protocolo de colaboración asinado o 10 de decembro de 2020, coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en virtude do cal a Xunta de Galicia manifestaba a súa intención de adoptar medidas para universalizar o acceso a servizos financeiros nos concellos galegos.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes destes convenios exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, en virtude do artigo 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e para os efectos do cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, estimase xustificada a instrumentación como convenio de colaboración, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente,

O director xeral de Política Financeira e Tesouro

David Cabañó Fernández

